

ETSAC

**A guía para realizar a túa mobilidade
ERASMUS | BILATERAL | SICUE**

Edita
Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña

Coordinación editorial
Subdirección de Relacións Internacionais ETSAC
Zaida Garcia-Requejo
mobilidadde.etsac@udc.gal

A túa guía de mobilidade ETSAC

Esta é unha guía de supervivencia para realizar a túa mobilidade no vindeiro curso. O primeiro é darte a benvida á túa experiencia e felicitarte por ter tomado a decisión de non perder esta oportunidade. Tanto se te vas mover por Europa ou o resto do mundo coma polo territorio nacional, este documento tentará resolver tódalas dúbidas que poidan xurdir durante o proceso.

Dende a subdirección de Relacións Internacionais da ETSAC, coa axuda inestimable da administración da nosa Escola e o soporte da Oficina de Relacións Internacionais (ORI) da UDC, queremos facerte saber que a participación en mobilidade será extremadamente enriquecedora tanto a nivel académico e profesional coma para as túas competencias persoais.

Aproveita esta oportunidade única para aprender sobre outras culturas (e linguas, no seu caso), explora o mundo, bebe da educación que se imparte noutras escolas, constrúe amizades e volve cargado de boas experiencias para transmitir á túa volta á comunidade.

A Coruña, novembro de 2023

Zaida Garcia-Requejo

Subdirección de Relacións Internacionais da ETSAC

Universidade da Coruña (UDC)



Mobilidade ETSAC

O estudiantado pode escoller entre programas de mobilidade internacional, como o Erasmus+ e Bilateral, ou ben mobilidade nacional dentro do marco do programa SICUE. Toda a información relativa a convocatorias de mobilidade, bolsas e avisos mostrase na web da ETSAC e, as novas como a apertura das convocatorias ou a convocatoria de reunións, a través da rede social Instagram @comunidadeetsac.

A información relativa ás prazas de mobilidade dispoñibles atópanse na web da ORI (revisa os enlaces de interese ao final desta guía).

Os programas de mobilidade están regulados na UDC a través dunha normativa específica, con condicións comúns a todas as titulacións. Ademais das condicións fixadas na convocatoria correspondente da UDC, o estudiantado que participe en estancias de mobilidade deben de atender a unha serie de requisitos específicos:

(1) Para o recoñecemento de materias cursadas en destino se requerirá equivalencia en créditos ECTS e equivalencia en contidos das materias de orixe e destino. Na ausencia de créditos ECTS atenderase

á equivalencia en horas (1 ECTS = 10 horas presenciais).

(2) O máximo desaxuste anual ou semestral entre créditos ECTS ou equivalente en horas de materias cursadas en destino e orixe non será superior ao 5%, en ningún caso.

(3) A calificación dunha materia de orixe que teña vinculada máis dunha materia en destino será a media das calificacións obtidas en destino, ponderada segundo o número de créditos. Esa media ponderada só será de aplicación no caso de aprobar as materias vinculadas en destino. No caso de suspender algunha desas materias de destino a puntuación máxima equivalente será de 4, aínda que a media ponderada superara esa nota.

(4) As calificacións dunha ou máis materias de orixe que teñan vinculada unha soa materia en destino será a calificación de dita materia obtida en destino.

(5) Non será obxecto de mobilidade internacional para os alumnos da ETSAC nin o Traballo Fin de Grao nin o Proxecto Fin de Carreira ou Mestrado, tanto en Boloña 1 como en Boloña 2.

O teu calendario de mobilidade con fin de estudos

A continuación amósanse os pasos a seguir durante dous cursos académicos: o curso actual, (ano 1) no que planificamos a nosa mobilidade, e o curso seguinte, (ano 2) no que cursamos a nosa mobilidade.

setembro ano 1

- Inicio das clases do primeiro cuadrimestre na ETSAC

outubro ano 1

novembro ano 1

- Organización da primeira reunión informativa de mobilidade con fin de estudos por parte da Subdirección de RRII da ETSAC

decembro ano 1

- Se tes pensado escoller destinos internacionais que non teñan como primeira lingua o castelán e non dispós dun diploma acreditativo de idioma, permanece atento ás convocatorias do Centro de Linguas [lembra que é obrigatorio cumprir o requisito lingüístico mínimo exixido pola UDC no momento de realizar a túa solicitude de mobilidade internacional]

xaneiro ano 1

febreiro ano 1

- Publicación da primeira convocatoria de mobilidade internacional e apertura do prazo de solicitude
- Publicación da (única) convocatoria de mobilidade nacional e apertura do prazo de solicitude

marzo ano 1

- Publicación das adxudicacións de mobilidade internacional por parte da Subdirección de RRII da ETSAC
- Publicación das adxudicacións de mobilidade nacional por parte da ORI

abril ano 1

- Organización da segunda reunión informativa por parte da Subdirección de RRII da ETSAC para estudiantado adxudicatario dunha praza de mobilidade, tanto internacional coma nacional

Este é un calendario orientativo. As datas concretas poden variar semanas arriba ou abaixo segundo o ano.

maio ano 1

xuño ano 1

xullo ano 1

- Sinatura dos contratos de mobilidade, previa aprobación do recoñecemento de materias por parte da Subdirección de RRII ad ETSAC (M0)
-

agosto ano 1

- Realización da matrícula segundo o contrato asinado (M0)
-

setembro ano 2

outubro ano 2

- Inicio das clases do primeiro cuadrimestre na institución de destino e comezo do prazo de un mes para a realización da primeira (única no caso de mobilidade nacional) modificación de contrato (M1)
-

xaneiro ano 2

- Fin da mobilidade para contratos de un cuadrimestre de duración
-

febreiro ano 2

marzo ano 2

- Inicio das clases do segundo cuadrimestre na institución de destino e comezo do prazo de un mes para a realización da segunda modificación de contrato (M2)
-

maio ano 2

xuño ano 2

- Fin da mobilidade e recepción de calificacións na ORI
-

xullo ano 2

- Volta á ETSAC! Tramitación de notas por parte da Subdirección de RRII
-

M0 = contrato inicial
M1 = primeira modificación de contrato
M2 = segunda modificación de contrato (só para mobilidade internacional)

Mobilidade internacional con fin de estudos

Erasmus+ é un programa que ten por obxectivo aproximar persoas e culturas. Ten os seus inicios no ano 1987, cando algo máis de 3,000 estudantes de 11 países da Unión Europea participaron non primeiros intercambios. Dende entón, creceu até abarcar educación e formación que chega a millóns de persoas, brindando a oportunidade de ter unha experiencia de estudos.

Se ben o Erasmus+ é mundialmente recoñecido como a ferramenta máis valiosa da UE para promover a mobilidade dentro do marco docente europeo, existe tamén a posibilidade de cursar unha mobilidade Bilateral, entre países cos que existe acordo asinado coa UDC, máis alá das fronteiras da UE.

Por que cursar unha mobilidade internacional con fin de estudos? Ir ou non ir de estancia docente é unha dúbida que pasa pola cabeza de gran parte do estudiantado da nosa comunidade. Se tes dúbidas sobre os beneficios que a experiencia pode reportar, ten en conta que (1) aumenta a túa empregabilidade e enriquece o teu CV; (2) contribúe ao teu desenvolvemento persoal e á creación da túa identidade; (3) permite coñecer e sumerxirse en novas culturas e realidades. Todo isto, a maiores da experiencia de supervivencia que suporá vivir un cuadrimestre ou un ano fóra do teu país, axudándote a medrar como habitante do mundo que espera ao fin do teu proceso educativo.

Na actualidade, a oferta de prazas de mobilidade internacional abarca os seguintes destinos:

ALEMANIA

- Karlsruher Institut für Technologie
- Ostbayerische Technische Hochschule Regensburg
- Rheinland-Pfälzische Technische Universität Kaiserslautern-Landau
- Technische Hochschule Lübeck
- Universität Stuttgart

ARXENTINA

- Universidad Argentina de la Empresa
- Universidad Nacional del Litoral
- Universidad Nacional del Rosario

BÉLXICA

- Université de Mons
- Universiteit Hasselt

BRASIL

- Universidade Católica de Santos
- Universidade de São Paulo
- Universidade do Estado de Santa Catarina
- Universidade Federal de Minas Gerais
- Universidade Federal do Rio de Janeiro
- Universidade Federal Fluminense

CHILE

- Universidad Autónoma de Chile
- Universidad de Santiago de Chile
- Universidad del Desarrollo

CHIPRE

- Panepistimio Kyprou

ESLOVENIA

- Univerza v Ljubljani

FRANCIA

- Ecole Nationale Supérieure d'Architecture de Bretagne
- Ecole Nationale Supérieure d'Architecture de Clermont-Ferrand
- Ecole Nationale Supérieure d'Architecture de Nantes
- Ecole Nationale Supérieure d'Architecture de Normandie
- Ecole Nationale Supérieure d'Architecture de Paris-La-Villette
- Ecole Nationale Supérieure d'Architecture et de Paysage de Lille

HUNGRÍA

- Pécsi Tudományegyetem

ITALIA

- Politecnico di Bari
- Politecnico di Milano
- Politecnico di Torino
- Università degli Studi di Bologna 'Alma Mater Studiorum
- Università degli Studi di Ferrara
- Università degli Studi di Palermo
- Università degli Studi di Roma La Sapienza
- Università IUAV di Venezia

MÉXICO

- Universidad Autónoma de Baja California
- Universidad Autónoma de Chiapas
- Universidad Autónoma Metropolitana

- Universidad de Colima
- Universidad de Guadalajara
- Universidad Nacional Autónoma de México
- Universidad Popular Autónoma del Estado de Puebla
- México-Universidad Regiomontana

POLONIA

- Politechnika Bydgoska
- Politechnika Gdansk
- Politechnika Krakowsk
- Politechnika Lubelska
- Politechnika Poznanska
- Wyższa Szkoła Ekologii i Zarządzania
- Zachodniopomorski Uniwersytet Technologiczny w Szczecinie

PORTUGAL

- Universidade da Beira Interior
- Universidade de Coimbra
- Universidade de Evora
- Universidade do Minho
- Universidade Lusófona do Porto

REINO UNIDO

- University for the Creative Arts

REPÚBLICA CHECA

- Vysoká škola báňská – Technická univerzita Ostrava

RUMANIA

- Universitatea Tehnica Gheorghe Asachi din

URUGUAY


- Universidad de la República
- Universidad ORT

* Consulta a oferta de prazas dispoñible en cada convocatoria no enlace ao MoveON dispoñible na web da ORI.

Oferta de destinos de mobilidade internacional



Destinos ofertados pola ETSAC na súa modalidade
OUTGOING sobre o Dymaxion Map de Richard
Buckminster Fuller.



Procedemento para solicitar a túa mobilidade SICUE

SOLICITUDE

Cómo solicito a miña mobilidade internacional?

A través do portal de solicitude. Non é necesario ningún outro procedemento.

SELECCIÓN DE DESTINO

Cantos destinos podoo solicitar?

Actualmente pódense solicitar ata catro destinos (bilateral e/ou erasmus). A única limitación é solicitar a mesma duración en todos.

Cal é a duración máxima da mobilidade?

Pódese facer unha mobilidade internacional de máximo 12 meses (é dicir, poderíanse realizar dúas mobilidade dun cuadrimestre en cursos distintos, unha mobilidade dun ano de 10 meses de duración e dous meses de Erasmus Prácticas, etc).

Pódese solicitar unha mobilidade internacional e un intercambio SICUE á vez?

Si, e renunciar a unha delas no caso de obter dúas prazas de mobilidade (o maior obstáculo reside na diferenza de datas de publicación de convocatorias).

Como selecciono o meu destino en función das convalidacións?

Non hai que especificar as convalidacións no momento da solicitude. O estudante pode prever as posibles convalidacións futuras analizando os programas das outras escolas.

O requisito lingüístico do destino que me interesa é diferente ao existido pola UDC. Teño que ter o certificado no momento da solicitude?

No momento da solicitude é necesario ter o requisito existido pola UDC. O requisito existido pola institución de destino é necesario no momento de formalizar o contrato de estudos.

Podo cursar unha mobilidade en inglés nun país no que a primeira lingua sexa francés, portugués, alemán ou italiano?

Si, sempre e cando a institución de destino oferte unha liña en inglés, pero ten en conta que, se non presentas o título acreditativo da primeira lingua, á hora de formalizar o contrato de estudos non poderás incluír ningunha materia que non se imparta en lingua inglesa.

Como podو obter información dalgún destino concreto?

Contacta coa Subdirección de RRII da ETSAC para establecer contacto con xente que xa fixera ou esté facendo a súa mobilidade no destino do teu interese.

ADXUDICACIÓN

Se solicito varios destinos e se me adxudica un deles, bórraseme do resto?

Si. No momento da adxudicación dunha das opcións solicitadas, o resto queda eliminado. A única opción para optar a outro destino é esperar á seguinte convocatoria de mobilidade do mesmo ano académico (de ser así, a axuda económica debe solicitarse igualmente en primeira convocatoria).

Se solicito unha mobilidade e finalmente renuncio, podو solicitar outra mobilidade en convocatorias sucesivas?

Si, se a renuncia foi debidamente xustificada. Se tes pensado renunciar á túa mobilidade, compre facelo o antes posible para que a praza se poida ocupar de novo.

ACEPTACIÓN (OU RENUNCIA) E NOMEAMENTO

Trala publicación, primeiramente provisoria e máis adiante definitiva, das adxucacións de destinos, a ORI ponse en contacto convosco. É importante permanecer atento á recepción de correos electrónicos nas vosas contas da UDC.

SINATURA DO CONTRATO DE ESTUDOS

Como se formaliza o contrato entre institucións?

O estudante propón un recoñecemento de materias que a Subdirección de RRII ten que aceptar e asinar, previa sinatura do contrato.

É posible modificar o contrato inicial?

O estudante dispón dun mes natural dende o comezo das clases (de cada cuatrimestre) para propor cambios, que teñen que ser aceptados pola Subdirección de RRII. No caso de contratos non aceptados por destino, haberá que facer os cambios precisos que garantan a sinatura deste contrato inicial.

FIN DE ESTANCIA E VOLTA Á ETSAC

A ORI envía o ToR á Subdirección de RRII para a súa tramitación.

Programa nacional de mobilidade SICUE

O Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios de España (SICUE) é un programa de mobilidade nacional de estudantes universitarios, promovido por Crue-Asuntos Estudiantis e Crue-Internacionalización e Cooperación, que leva funcionando dende o ano 2000. Este programa permite aos estudantes realizar un periodo de estudos nunha institución universitaria española distinta á que aquela na que se atopa matriculado/a, con garantías de recoñecemento académico e de aproveitamento, así como de adecuación ao seu perfil curricular.

Por que participar nun programa nacional de mobilidade? De igual xeito que no caso dunha mobilidade internacional con fin de estudos, unha mobilidade polo territorio español (1) aumenta a túa empregabilidade e enriquece o teu CV; (2) contribúe ao teu desenvolvemento persoal e á creación da túa identidade; (3) permite coñecer o método docente doutras escolas, dentro do marco formativo e lexislativo do noso territorio. De igual xeito, unha mobilidade nacional pode supor tamén unha experiencia de supervivencia, ben por ter que habituarse a unha cidade distinta, ben porque supoña por primeira vez o reto de alonxarse da nosa cidade de orixe.

Na actualidade, a oferta de prazas de mobilidade nacional SICUE é posible nas seguintes escolas públicas:

- Universidad de Alcalá
- Universidad de Alicante
- Universidad de Castilla-La Mancha
- Universidad de Granada
- Universidad de Las Palmas de Gran Canaria
- Universidad de Málaga
- Universidad de Sevilla
- Universidad del País Vasco /
- Euskal Herriko Unibertsitatea
- Universidad Politécnica de Cartagena
- Universidad Politécnica de Madrid
- Universitat Politècnica de Catalunya
- Universitat Politècnica de València
- Universitat Rovira i Virgili
- Universidad de Valladolid
- Universidad de Zaragoza

Procedemento para solicitar a túa mobilidade internacional

SOLICITUDE

Cómo solicito a miña mobilidade nacional SICUE?

A través do formulario de solicitude. Non é necesario ningún outro procedemento. Ten en conta que hai unha única convocatoria de mobilidade nacional en cada curso académico.

SELECCIÓN DE DESTINO

Cal é o criterio de adxudicación?

Ainda que a adxudicación de prazas de mobilidade nacional está centralizada para toda a UDC (a Subdirección da ETSAC é vogal desta comisión de adxudicacións), o criterio é o mesmo que para a adxudicación de prazas de mobilidade internacional por parte da Subdirección de RRII, tendo en conta unicamente a nota media do expediente do estudiantado.

Cal é a limitación de participación no programa de mobilidade nacional SICUE?

O estudiantado participante no programa SICUE non poderá obter máis dun intercambio na mesma universidade de destino, nin máis dun intercambio SICUE no mesmo curso académico.

Pódese solicitar un intercambio SICUE e unha mobilidade internacional á vez?

Si, e renunciar a unha delas no caso de obter dúas prazas de mobilidade (o maior obstáculo reside na diferenza de datas de publicación de convocatorias).

Como selecciono o meu destino en función das convalidacións?

Non hai que especificar as convalidacións no momento da solicitude. O estudante pode prever as posibles convalidacións futuras analizando os programas das outras escolas, tendo en conta e o criterio de convalidación que prevalece é o contido da materia, por riba do curso e/ou o nome da materia.

ADXUDICACIÓN E ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

Se solicito varios destinos e se me adxudica un, bórraseme do resto de opcións?

Si. No momento da adxudicación dunha das opcións solicitadas, o resto queda eliminado.

No caso de mobilidade SICUE é fundamental estar atento ao correo da UDC para aceptar a praza no período indicado.

SINATURA DO CONTRATO DE ESTUDOS

Como se formaliza o contrato entre institucións?

O estudante propón un recoñecemento de materias que a Subdirección de RRII ten que aceptar e asinar, previa sinatura do impreso C.

É posible modificar o contrato inicial?

O estudante dispón dun mes natural dende o comezo das clases para propor cambios, que teñen que ser aceptados pola Subdirección de RRII. No caso de contratos non aceptados por destino, haberá que facer os cambios precisos que garantan a sinatura deste contrato inicial. No caso de mobilidade SICUE non existe a opción de facer unha modificación no segundo cuadrimestre.

FIN DE ESTANCIA E VOLTA Á ETSAC

A ORI, ou nalgúns casos, a Coordinación de Mobilidade SICUE da institución de destino, envía as calificacións á Subdirección de RRII para a súa tramitación.

Lembra que o programa de intercambio de estudantes entre universidades españolas non da dereito a axuda económica.

Información a manexar durante o proceso

ENLACE A DOCUMENTOS DE INTERESE

MOBILIDADE INTERNACIONAL CON FIN DE ESTUDOS

- Oferta de prazas de mobilidade internacional con fin de estudos
- Enlace ao formulario de solicitude
- Listaxe de comprobacións para realizar a túa estadía Erasmus+
- Listaxe de comprobacións para realizar a túa estadía Bilateral
- Listaxe de códigos ISCED de campos de estudo
- Enlace a formularios de mobilidade internacional
- Enlace a outra información de interese para a realización da túa mobilidade internacional

MOBILIDADE NACIONAL SICUE

- Oferta de prazas de mobilidade nacional
- Enlace ao formulario de solicitude

REGULAMENTOS DE MOBILIDADE

- Enlace ao regulamento de mobilidade internacional da UDC
- Enlace aos requisitos de mobilidade da ETSAC

TELÉFONOS E DIRECCIÓNS DE CORREO ELECTRÓNICO

Subdirección de RRII da ETSAC:
mobilidade.etsac@udc.gal

+34 881 01 5023

+34 881 01 5048

Administración da ETSAC:

administracion.arquitecturasuperior@udc.es

+ 34 881 01 5009

+ 34 881 01 5011

+ 34 881 01 5044

+ 34 881 01 5047

Mobilidade de estudantes saíntes internacionais:

outgoing.rrii@udc.es

Mobilidade de estudantes saíntes nacionais:

sicue.sainte@udc.gal

+34 881 01 1960

+34 881 01 1956



Escola Técnica Superior de Arquitectura
Campus Universitario de A Zapateira, s/n. 15071.
A Coruña